

## CONVOCATORIA DE MOBILIDADES DE PRÁCTICAS ERASMUS+ NO IKTK DE TIRANA, ALBANIA (CURSO 2022-2023)

Por este procedemento convócase unha oferta de financiamento de bolsas de mobilidade Erasmus+ para prácticas.

- Tipo de mobilidade: prácticas Erasmus+.
- Duración: entre dous e tres meses, a realizar entre decembro de 2022 e xullo de 2023.
- Centro de destino: Instituto Nacional do Patrimonio Cultural (Tirana, Albania).
- Alumnado a quen vai dirixida a oferta: alumnado matriculado no último curso, en calquera das especialidades.
- Orzamento da mobilidade: 2020-KA107.
- Número de mobilidades: entre 2 e 4, dependendo da dispoñibilidade do centro de destino.
- Criterio de selección: nota media nos estudos na ESCRBCG.
- Prazo: 22 de novembro de 2022.

As bolsas deberán executarse durante o desenvolvemento do curso escolar, coincidindo coas sesións lectivas. Por tanto, están pensadas para alumnado que só teña pendente o Traballo Fin de Grao ou para alumnado que, aínda tendo algunha materia pendente de cursos anteriores, non asista con regularidade, por razóns xustificadas, ás sesións lectivas. Tendo en conta esta circunstancia, é fundamental que estas prácticas non interfiran no desenvolvemento adecuado da formación académica. Para garantilo, a Comisión Erasmus+ consultará coa xefatura de estudos e co profesorado afectado (tanto titores de TFG como docentes das posibles materias pendentes). A aprobación do profesorado e da xefatura de estudos para a participación do alumnado nestas prácticas será, por tanto, requisito imprescindible.

Tendo en conta o parágrafo anterior, o ideal é que o alumnado só teña pendente o TFG, que non xenera obriga de asistencia a sesións lectivas, pero aceptaranse e estudiaranse tamén outras solicitudes, de habelas.

Debe terse en conta que nos proxectos KA107, como este, non é posible a participación de alumnado nos 12 meses seguintes á finalización dos estudos, como si sucede nos proxectos KA103 (dentro da UE). Pese a isto, considerarase que pode participar todo alumnado matriculado no curso académico 2022-2023, independentemente da data de finalización do TFG. A estes efectos, tense en conta que o alumnado segue matriculado ata a finalización completa do curso escolar. É dicir, aquel alumnado matriculado no curso 2022-2023 e que remate o seu TFE na convocatoria de febreiro poderá realizar a súa mobilidade despois da presentación oral do TFE, na medida en que segue sendo alumna/o da ESCRBCG ata a fin do curso.

A titulación oficial de idiomas (inglés) non é requisito imprescindible para a concesión das prácticas. Porén, no caso daquel alumnado que non teña titulación de idioma a Comisión Erasmus+ realizará as comprobacións necesarias para certificar que o alumnado reúne as competencias lingüísticas necesarias para a realización das prácticas (plataforma OLS, entrevista persoal etc.). Se



o alumnado non demostra as competencias mínimas necesarias a concesión da bolsa poderá ser cancelada e será adxudicada á seguinte persoa na listaxe.

O alumnado deberá presentar a súa solicitude (ver ANEXO I) antes do 24 de novembro de 2022, en formato físico na administración da escola ou por correo electrónico dirixido conxuntamente a [escola.conservacion.galicia@edu.xunta.gal](mailto:escola.conservacion.galicia@edu.xunta.gal) e [arizaga@edu.xunta.gal](mailto:arizaga@edu.xunta.gal).

A Comisión Erasmus+ sacará a continuación unha resolución provisional que será exposta no taboleiro de anuncios e que comunicará a todo alumnado afectado para que este poida corrixir a súa solicitude. Finalmente, tras un prazo de dous días sairá unha resolución final en forma de listaxe, coa orde pola que o alumnado poderá optar á realización das prácticas. Nese momento comezará o proceso de negociación co centro de destino, o acordo sobre as datas definitivas e a sinatura dos convenios.

O número concreto de bolsas adxudicadas previsto está entre dúas e catro, dependendo da dispoñibilidade final do centro de destino. Os trámites realizaranse un a un comezando pola persoa coa máxima puntuación na listaxe e despois sucesivamente. A realización final das prácticas depende do centro de destino e da evolución posterior do proxecto KA107, polo que non se pode garantir completamente o número total.

O alumnado recibirá asesoramento por parte da Comisión Erasmus+ sobre a viaxe, a estancia e os trámites necesarios, pero unha parte dese traballo de preparación deberá ser realizado directamente polo alumnado. Os gastos asociados ó seguro das prácticas serán cubertos pola estudante.

O cálculo inicial aproximado da bolsa a recibir é de 1760 euros (dous meses / 60 días) ou 2400 euros (tres meses / 90 días).

O alumnado deberá indicar na súa solicitude se ten recibido neste curso académico ou no inmediatamente anterior bolsa de estudos do ministerio.

As prácticas, de ser o caso, poderán ser recoñecidas como prácticas curriculares, sempre que a Coordinación de Prácticas Externas considere que se cumpren os estándares necesarios e se tramiten os requisitos obrigados para elas.

Asinado, en Pontevedra, 17 de novembro de 2002,

Comisión Erasmus+ da ESCRBCG



Cofinanciado por el  
programa Erasmus+  
de la Unión Europea

## ANEXO I – SOLICITUDE PARA A CONVOCATORIA DE MOBILIDADES DE PRÁCTICAS ERASMUS+ NO IKTK DE TIRANA, ALBANIA (CURSO 2022-2023)

Pola presente, expreso a miña vontade de participar na convocatoria de bolsas Erasmus+ de prácticas propostas para o curso académico 2022-2023 no IKTK de Tirana (Albania). Manifesto o meu compromiso coa carta Erasmus+ da ESCRBCG e a miña vontade por acadar un desempeño óptimo nas tarefas que se requiran durante as prácticas. Tamén me comprometo a compartir información sobre a miña actividade a través das redes sociais da ESCRBCG, así como a colaborar na medida das miñas posibilidades nas tarefas de difusión que se me propoñan por parte da ESCRBCG.

NOME E APELIDOS

ESPECIALIDADE

COMPETENCIA APROXIMADA NO IDIOMA (INGLÉS) – A1 / A2 / B1 / B2 / C1 / C2

TITULACIÓNS OU CERTIFICADOS DE IDIOMAS (INGLÉS OU OUTROS)

RECIBÍN BOLSA NESTE CURSO OU NO ANTERIOR (SI / NON)

DATAS APROXIMADAS NAS QUE SE PREFIRE REALIZAR A MOBILIDADE (poden indicarse varias e engadirse unha explicación ou aclaración ó respecto).

NOME DAS MATERIAS PENDENTES

NOME DO PROFESORADO DESAS MATERIAS (indicar tamén quen exerce a titoría do TFE)

DATA PREVISTA PARA A ENTREGA DO TFE

DATA E LUGAR

SINATURA

